

Con-senso?

Aclaracións da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística sobre o falso consenso na política lingüística galega e a manipulación da linguaxe para obter resultados espurios.

As liñas da política lingüística para o 2015 estanse definindo claramente. Despois de pedirse desde diferentes partidos políticos, organizacións sociais, institucións como a Real Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega a volta ao “consenso”, o goberno apaña a palabra de moda e, igual ca fixo con outras, múdalle o significado. Agora semella que o “consenso” é algo ao que se pode chegar sen que estean todas as partes, xa non de acordo, senón presentes no debate. Quérense “consensuar” medidas para o galego, pero sen tocar o ámbito educativo e, por suposto, sen consultar con ninguén que estea directamente implicado nel.

Xa se lanzou a mensaxe de que o ámbito educativo vivía na “normalidade”, nel - aseguran desde a Consellería e mais comentadores dos medios- non hai problema ningún desde que se puxo en marcha o Decreto 79/2010 (mal chamado do plurilingüismo). Unha necesaria avaliación dos resultados desta medida lexislativa nin está nin a espera ninguén. Tanto na Consellería, coma nas delegacións provinciais, coma na inspección e tamén nos centros... sábese que este é o camiño correcto para ir eliminando o galego como lingua habitual das seguintes xeracións, naqueles lugares onde aínda se transmite no ámbito familiar. Onde xa se perdeu isto, tampouco se trazou o camiño para ver de o recuperar a través da escola. Polo tanto o camiño está marcado.

As e os docentes que, a diario e desde hai anos, nos movemos no terreo do ensino non universitario, sabemos que este “consenso” ten moi pouco “senso”, debido a:

- 1- É imposible normalizar unha lingua se non se abordan todos os ámbitos ao mesmo tempo, educación con tanto ou máis peso ca os outros debido a varias razóns, das que destacamos dúas: 1ª) é o espazo polo que pasan todas as futuras xeracións de falantes, e 2ª) xa hai neste eido camiño andado: estruturas, organización, xente formada.... Todo mellorable pero con cementos.
- 2- Pensar en impulsar o galego en ámbitos nos que se moven os estudantes (deportivos, lecer, extraescolares...) sen unha planificación na que entren os espazos nos que o alumnado pasa máis tempo ao día (é dicir, a escola) é saber

pouco de procesos de aprendizaxe de linguas. Os nenos e as nenas que non oen falar en galego mais ca na clase de lingua galega (3 horas á semana) e nunca o falan, é dicir, non adquiren competencia activa, non van empregar a lingua no adestramento de fútbol, de patinaxe ou na clase de música, no caso de que conseguiran monitorado que se mantivese falando galego todo o tempo con eles. Dinamizar a lingua en grupos require dun traballo feito de xeito coordinado nos diferentes espazos nos que se move a rapazada no seu día a día.

- 3- Botar a pelota da responsabilidade do fomento da lingua unicamente para o teito das familias, que son xente que vive no mesmo territorio e nos mesmos espazos ca os rapaces que envían á escola e aos que xa lles ensinaron a falar, é o mesmo ca botarlle a culpa de que o monte arda aos paisanos que habitan o rural e que teñen máis de 75 anos por non limpren o toxo. Esas familias teñen –con sorte- un traballo, no que o uso da lingua tampouco se fomenta, saben da súa pouca formación no rexistro culto do galego, relaciónanse dentro do ámbito da sanidade, da administración xeral, da xustiza... onde o galego brilla pola súa ausencia. Crear cidadáns e cidadás conscientes da súa responsabilidade á hora de transmitir a lingua na familia require dunha sensibilización que debería estar coordinada coa que se transmitise nas escolas de cara ao alumnado.

Mais nada disto é posible porque o ámbito escolar está blindado por un Decreto que non permite nin que os nenos e as nenas se escolaricen en galego, nin que calquera materia se poida explicar na lingua propia de Galicia. Isto pode ser legal, pero non busca o fomento, nin a promoción, e moito menos a normalización da lingua propia de Galicia.

Mentres isto non se mude, poden darlles cartos aos empresarios, pagar por aplicacións en galego para os móbiles, elaborar mil e un FalaRedes con músicas en galego, mesmo poñer en galego os formularios da administración de xustiza... Sen unha colaboración do ensino con todos os outros ámbitos, que veña dunha planificación seria derivada dunha crenza real en que o galego é merecente de ser lingua normal no seu territorio.... pouco, ou nada se gañará para a normalización do galego. Só será unha máscara aparente para afondar no seu deterioro constante como lingua propia de Galicia que continuará co devalo de falantes.

Por todo isto, a CGENDL pídelle “senso” ás persoas que planifican e dirixen a Política Lingüística do País.